



Traballo de Fin de Grao

As vítimas xitanas do Nacional Socialismo: do silencio ao recoñecemento

Moraima Aragundi Triñanes

Grao en Historia, curso 2022/2023

Titor: Antonio Míguez Macho

Departamento de Historia Contemporánea

RESUMO: O seguinte traballo xira en torno ao xenocidio do pobo xitano perpetrado polo réxime Nacional Socialista, co foco na caracterización dos romaníes como colectividade de vítimas. Con este obxectivo, non só se referenciarán as prácticas xenocidas cometidas en contra deles entre 1933 e 1945, senón que tamén é preciso analizar as dinámicas antixitanas previas e a súa influencia, o seu tardío recoñecemento e as iniciativas de memoria promovidas para visibilizalo. É un tema complexo, con constantes tensións e desacordos entre activistas e historiadores, ou mesmo dentro do ámbito académico, ao estar entrelazado co Holocausto xudeu e marcado polas narrativas arredor deste. Por esta razón, farase en certa medida en clave comparativa.

Palabras chave: Holocausto romaní, Porraimos, pobo xitano, xenocidio, Nazismo

RESUMEN: El siguiente trabajo trata sobre el genocidio del pueblo gitano perpetrado por el régimen Nacional Socialista, con el foco en la caracterización de los romaníes como colectividad de víctimas. Con este objetivo, no sólo se referenciarán las prácticas genocidas cometidas en contra de ellos entre 1933 y 1945, sino que también es preciso analizar las dinámicas antigitanas previas y su influencia, su tardío reconocimiento y las iniciativas de memoria promovidas para visibilizarlo. Es un tema complejo, con constantes tensiones y desacuerdos entre activistas e historiadores, o incluso dentro del ámbito académico, al estar entrelazado con el Holocausto judío y marcado por las narrativas alrededor de este. Por esta razón, se hará en cierta medida en clave comparativa.

Palabras clave: Holocausto romaní, Porraimos, pueblo gitano, genocidio, Nazismo

ABSTRACT: The following paper is articulated around the genocide of the romani people perpetrated by the National Socialist regime, focusing on their characterization as a group of victims. The aim is to describe the genocidal practices committed against them between 1933 and 1945, along with the previous anti-Gypsy dynamics, their late recognition and the memory initiatives promoted to make it visible. It is a complex issue, with constant tensions and disagreements between activists and historians, or even within the academia, as it is intertwined with the Jewish Holocaust and marked by the narratives around it. For this reason, comparisons about the two cases must be done.

Key words: Romani Holocaust, Porrajmos, gypsy people, genocide, Nazism

ÍNDICE

Introdución	3
1. Estado da cuestión e marco teórico	4
1.1. Evolución do estudo do xenocidio romaní	4
1.2. Orixe e debates en torno ao concepto de xenocidio	6
1.3. Terminoloxía	8
2. A creación de estereotipos e tradición legal antixitana antes de 1933	9
3. O xenocidio romaní baixo o réxime Nacional Socialista	12
3.1. Contexto intelectual: as lóxicas raciais	12
3.2. Desenvolvemento cronolóxico	14
3.2.1. Dinámica de 1933 a 1939	15
3.2.2. Dinámica durante a Segunda Guerra Mundial	17
3.3. Comparativa co Holocausto xudeu	19
4. Memoria	23
4.1. O camiño á restitución e ó recoñecemento: a xerarquía de vítimas	23
4.2. Activismo moderno vs. cultura tradicional	26
4.3. Datas e lugares de memoria	28
5. Conclusións	29
Bibliografía	32
Anexos	36

Introdución

O seguinte traballo xira en torno ao xenocidio do pobo xitano perpetrado polo réxime Nacional Socialista, co obxectivo de caracterizar os romaníes como colectividade de vítimas. Con este propósito, non só se referenciarán as prácticas xenocidas cometidas contra eles entre 1933 e 1945, senón que é preciso analizar a tradición antixitana anterior e a súa influencia, o seu tardío recoñecemento e as iniciativas de memoria promovidas para conseguilo. No tratamento desta cuestión, son constantes as tensións entre activistas e historiadores, e mesmo dentro do ámbito académico, especialmente ao estar entrelazado co Holocausto xudeu e marcado polas narrativas deste. Por tanto, indícanse as discrepancias entre autores e farase en certa medida en clave comparativa co caso xudeu. Trátase dun estudo realizado en base a fontes secundarias, debido á limitación xeográfica e lingüística para acceder ás primarias; cunha organización da información esencialmente cronolóxica e integrada no texto, agás a recollida dos campos de concentración nun mapa.

En primeiro lugar examínase o estado da cuestión e marco teórico, analizando o xurdimento dos estudos do xenocidio romaní e o seu desenvolvemento, xunto coas fontes empregadas no traballo. Igualmente, é preciso facer referencia ós debates relativos ó concepto de xenocidio, o que é importante xa que nun primeiro momento este caso non foi considerado como tal; e á terminoloxía empregada, de novo, polos desacordos entre diversos actores. En segundo lugar, abórdase de xeito superficial a discriminación e estereotipos creados en torno aos xitanos desde a súa chegada a Europa no século XIV ata 1933, relevante debido a que modelaron as actuacións posteriores. A continuación, caracterízase o xenocidio como tal, atendendo ao contexto ideolóxico e ao marco legal que o fomentou, cunha distinción entre unha primeira etapa de 1933 a 1939 e a escalada da persecución co estalido da guerra. Neste senso, atenderanse ás particularidades do caso romaní mais tamén en clave comparativa co xudeu. Finalmente, o apartado da memoria abarca a loita polo recoñecemento e a compensación desde a posguerra ata os anos 2000, intrinsecamente ligado ao xurdimento do movemento internacional romaní polos dereitos civís e ás rivalidades co colectivo xudeu debido á denominada xerarquía de vítimas. A maiores, trátase a interacción da cultura tradicional e o activismo moderno, xunto coa referencia a diversos lugares e datas de memoria.

1. Estado da cuestión e marco teórico

Neste primeiro apartado examínase a evolución do estudo do xenocidio romaní aludindo ás publicacións clave e os desacordos á hora de consideralo como tal. Por esta razón, tamén son relevantes os debates en torno ao significado do termo xenocidio que xurdiron entre as décadas de 1970 e 1990. A maiores, explícase a terminoloxía empregada no traballo, en primeiro lugar, a distinción entre os termos xitano e romaní; e en segundo lugar, a denominación deste xenocidio en concreto.

1.1. Evolución do estudo do xenocidio romaní

A pesares dalgúns traballos puntuais anteriores, non foi ata a década de 1970 que o xenocidio romaní acadou unha maior visibilidade, influído polo desenvolvemento do movemento internacional romaní e a publicación de *The Destiny of Europe's Gypsies* en 1972 polos seus impulsores, os activistas xitanos británicos Donald Kenrick e Grattan Puxon (Marushiakova e Popov, 2010, p. 75). Porén, habería que esperar a 1996 para o despegue da historiografía académica, con Zimmermann e *Rassenutopie und Genozid. Die nationalsozialistische "Lösung der Zigeunerfrage"* –Utopía racial e xenocidio. A “solución da cuestión xitana” nacionalsocialista–, mentres que a do Holocausto xudeu viña desenvolvéndose desde 1961 con Raul Hilberg (Sierra, 2020, p. 162).

Aínda así, o primeiro exemplar en acadar unha ampla audiencia e tradución a varias linguas sería o polémico *The Nazi persecution of the Gypsies* en 1999, de Guenter Lewy (About e Abakunova, 2016, p. viii). Lewy e Yehuda Bauer negaron a consideración de xenocidio para esta persecución, rexeitando que existira unha intención e plan de exterminio como colectividade racial. Pola contra, relacionaron as ditas accións con aspectos da conducta (Illuzzi, 2023, p. 338). Por este motivo, foron criticados polo académico e activista estadounidense Ian Hancock (2006), quen argumentou que fallaron en comprender que a criminalidade asociada aos xitanos era considerada herdada. Non só activistas romaníes defenderon esta postura, senón que na década de 1990 certos historiadores do Holocausto xudeu comezaran a reparar nas políticas raciais dirixidas aos romaníes na súa consulta de materiais arquivísticos, por exemplo, Sybil Milton, así como Martin Luchterhandt no ano 2000. Máis recentemente, Eve Rosenhaft e Ari Joskowicz

incidiron en abandonar a comparación coa Shoah, apostando por centrarse no estudo das experiencias das vítimas xitanas (Illuzi, 2023, pp. 339-340). Unha vez acadado un consenso de aceptación como xenocidio, xurdiu o interrogante de se era unha preocupación central para o réxime Nacional Socialista ou non, xeralmente rexeitado polos historiadores (Zimmermann, 2013; Milton, 1992, p. 1; Weiss-Wendt, 2015, p. 13).

Na historiografía académica sobre o Holocausto, os romaníes comezaron a aparecer como unha categoría periférica fronte ao foco principal no exterminio xudeu, baixo os apartados das *outras vítimas* (Hancock, 2006). En contraste, de cara á actualidade desenvolveuse unha tendencia a abordar o proceso de maneira singular, relacionándoo coa tradición antixitana anterior (About e Abakunova, 2016, p. 6).

Ilse About e Anna Abbakunova realizaron unha análise sobre os temas abordados nas publicacións do Holocausto romaní, con abundantes carencias mesmo nos aspectos definitorios. Ademais da falta de consenso sobre a súa denominación, advertiron a ausencia dunha necesaria perspectiva comparativa, tendo en conta as dimensións transnacionais do proceso. En cambio, a maioría de investigacións foron a nivel nacional, sendo deficitarias para os antigos territorios soviéticos. Por outra banda, recalaron a importancia de determinar unha cifra de vítimas sólida, xa que se foi repetindo unha suma que vai desde as 220.000 ás 500.000 (About e Abakunova, 2016, pp. 1-4). As investigacións desenvolvéronse especialmente por historiadores alemáns, con interese nas ciencias raciais e políticas dirixidas aos xitanos, xurdindo tamén o interese polo internamento nos campos locais exclusivos para romaníes. A nivel europeo, está ben estudado Auschwitz-Birkenau e o seu *Zigeuneralger* ou campo xitano, mais non é así para outros campos. Tampouco se exploraron a fondo os actos de resistencia ou a experiencia do exilio (About e Abakunova, 2016, pp 14-17 e 20). Por último, as tendencias máis recentes inclúen as lecturas de xénero, escasas, e os testemuños orais de superviventes (TWHL, 2022).

Para a realización deste traballo foron fundamentais os capítulos en libros colectivos, aínda que tamén algúns monográficos ou artigos de revista. Cómpre destacar ó historiador Michael Zimmermann (2013) como fundamental para entender as dinámicas propias do proceso xenocida romaní e as similitudes e diverxencias co caso xudeu, se ben o groso

das súas publicacións son en lingua alemá. A maioría de bibliografía consultada está en inglés, recalcando o traballo de Sybil Milton (1992) sobre as políticas nazis, ou a Anton Weiss-Wendt (2015), editor dun libro colectivo esencial para entender a variación xeográfica do proceso e as problemáticas da compensación e a memoria. En lingua castelá, o panorama de publicacións é escaso, sobresaíndo María Sierra cun monográfico de carácter máis divulgativo. Debido á preeminencia do Holocausto xudeu, a busca de información pode resultar complexa, xa que se unha obra trata sobre o Holocausto ou as políticas nazis en xeral, é probable que non conteña ningunha ou poucas referencias á cuestión xitana. Por esta razón, é máis eficiente buscar referencias explícitas a esta.

En suma, a visibilización veu nun primeiro momento por parte de activistas, para despois acadar un crecente interese académico. Porén, non houbo unha investigación tan sistemática coma no caso xudeu, existindo aínda baleiros de información. A produción de materiais destaca en alemán, mais tamén en inglés, con parte dos estudos desenvolto por historiadores xudeus. Por último, falta dar o salto a un coñecemento público xeral.

1.2. Orixe e debates en torno ao concepto de xenocidio

O termo xenocidio foi acuñado polo xurista polaco e xudeu Raphael Lemkin en *Axis Rule in Occupied Europe* (1944), mais o seu uso internacional asentouse tralas definicións da Organización das Nacións Unidas (ONU) de 1946 e 1948 (Míguez Macho, 2014, pp. 41-42). Conformado pola palabra grega *genos* –raza, tribo– e a latina *cidio* —matar–, definiuno como a “destrución de poboacións enteras –de grupos nacionais, raciales ou religiosos– tanto biológica como culturalmente” (Lemkin, 1946) baixo unha intención explícita e plan coordinado polo Estado a través da privación das súas institucións sociais e económicas, cultura, liberdade, saúde, reprodución... chegando á eliminación directa mediante o asasinato (Lemkin, 1945). Por esta razón, impulsou a súa determinación como crime internacional, xa que un Estado non sancionaría un crime cometido, promovido ou apoiado por el mesmo. Se ben cualificou o xenocidio nazi como o máis completo, afirmou a existencia doutros na historia (Lemkin, 1946). En canto á ONU, a Resolución 96(I) (1946, p. 128) incluíu grupos políticos, así como a consideración dunha aniquilación total ou parcial, *invitando* aos países membros a prevelo. En cambio, a Resolución 260(III) (1948, p. 84) retirou as colectividade políticas e o aspecto cultural.

O concepto naceu no ámbito legal, dando lugar a debates sobre a súa definición nos que tomaron parte sociólogos e historiadores, interesados na dimensión explicativa, fronte ao foco na intención para o dereito internacional, na súa busca da prevención e sanción (Míguez Macho, 2014, pp. 57-58). Neste senso, a ONU foi amplamente xulgada pola omisión de grupos políticos e sociais, a problemática de probar a intencionalidade e a efectividade á hora de punir o crime (Andreopoulos, 1994, pp. 2-3). Fundamentalmente, os puntos de colisión entre os académicos relacionáronse cos límites do termo, formulando conceptos máis excluínentes ou inclusivos¹. Ao respecto, Chalk e Jonassohn (2018, p. 48) insistiron nunha definición restritiva como esencial para unha boa análise.

Entón, tiveron protagonismo as reflexións sobre a definición do perpetrador e as vítimas, así como a problemática intencionalidade. En canto ao perpetrador, reiterouse o relevante rol do Estado, sendo determinante o seu apoio ou complicidade para unha execución sistemática das prácticas xenocidas, ademais dunha ideoloxía autoritaria e unha percepción de perigo pola súa parte (Míguez Macho, 2014, p. 65). Por outra banda, chegou a un maior consenso de incluír os grupos políticos como vítimas. Así, o eixo do debate virou á natureza das colectividades como naturais ou construídas polos xenocidas, cuxa predisposición ao exterminio total sería maior no caso de atribuírlles trazos herdados e inmutables (Míguez Macho, 2014, p. 49). Sobre a intención e a existencia dun plan, se ben foi considerada esencial por Lemkin e outros académicos, emerxeron críticas coa premisa de que poucos xenocidas o proclamaron explicitamente ou o documentaron. Ao respecto, Chalk (1994, p. 53) incidiu na posibilidade de demostración mediante os feitos, coa existencia de políticas de destrución persistentes dirixidas aos grupos de vítimas.

Se ben foi argumentado que o concepto se creou polo caso concreto do Holocausto xudeu, xa viña xestándose unha preocupación polos crimes dirixidos a colectividades no ámbito da xustiza internacional desde a centuria decimonónica e o período de entreguerras do século XX, tamén por parte de Lemkin (Míguez Macho, 2014, pp. 29-35). Porén, na súa busca de recoñecemento, o caso xudeu impúxose no discurso público e académico como un feito único a través de argumentos como a escala –6 millóns de vítimas–, a intención e plan explícitos, a tecnoloxía empregada –cámaras de gas– e a

¹ Charny chegou a introducir fenómenos ecolóxicos; e Kuper, bombardeos a civís.

extensa burocracia e recursos destinados á consecución do exterminio (Blumer, 2015, pp. 207-208). Neste senso, Míguez Macho (2014, p. 59) incidiu no erro de tomalo como un arquetipo. Ademais, Frank Chalk e Kurt Jonassohn insistiron na existencia do xenocidio desde a antigüidade, elaborando unha clasificación segundo a motivación². Partindo da súa definición como “matanza masiva unilateral mediante la cual un Estado u otra autoridad buscan destruir a un grupo, tal como éste y sus miembros han sido definidos por el genocida” (2018, p. 48), inclúen o Holocausto na tipoloxía característica do século XX, a de implementar unha ideoloxía, normalmente co obxectivo de purificar a raza ou ben lexitimar ou homoxeneizar o Estado (Chalk e Jonassohn, 2018, p. 58). Cómpre destacar que son os únicos que citan ós xitanos (Chalk e Jonassohn, 2018, p. 49 e p. 68), ademais de Lemkin (1946).

Entón, en canto ao xenocidio romaní, aínda que houbo discrepancias en canto á súa inclusión na categoría de xenocidio, encaixa nas definicións de Lemkin e Chalk e Jonnasohn previamente expostas, tendo en conta os elementos máis relevantes do debate: foi cometido polo Estado, dirixido a unha colectividade de vítimas definidas por este e cunha intención demostrable, como será exposto neste traballo.

1.3. Terminoloxía

Desde o Primeiro Congreso Internacional Romaní (1971, Londres), os activistas xitanos defenderon o uso do termo roma a nivel internacional³. Os motivos foron as connotacións pexorativas innegablemente unidas ao termo *gypsy* –ladrón, enganador, vago–, ademais de ser imposto desde fóra da comunidade (Sierra, 2020, p. 19). A voz inglesa, xunto co equivalente xitano, proveñen da confusión dos romaníes con exipcios (Kenrick e Puxon, 1995, p. 9); mentres que o vocábulo alemán *zigeuner* vén do grego *athínganoi*, que definía unha seita herética bizantina á que foron asociados pola práctica da adiviñación (Kenrick, 2007, p. 10). Hoxe en día, en Alemaña emprégase oficialmente a locución *Sinti und Roma*, sendo os sinti un grupo particular predominante nas terras alemás desde o medievo (Kenrick, 2007, p. 247). Porén, este termo non se asentou en

² Resumidamente: (1) suprimir unha ameaza real ou potencial, (2) provocar medo a inimigos reais ou potenciais, (3) obter riqueza económica e (4) impoñer unhas crenzas determinadas.

³ Coas variables ortográficas řom e rrom. É o plural do substantivo masculino rom, que significa home ou marido nalgúns dialectos do romanés. En feminino, romni ou romi.

España, onde a comunidade xitana reivindicou esta última denominación como propia⁴, demandando unha lectura en positivo (Sierra, 2020, p. 20). Por esta razón, xitano e romaní aparecen usadas indistintamente neste traballo. En todo caso, cómpre recalcar que a denominación roma forma parte dun proxecto de unificación política, mais realmente agrupa diversas comunidades heteroxéneas territorial, lingüística e culturalmente –*sinti, lalleri, kalderash, lovara, manouche, calé...*– (Kapraliski, 2015, p. 231).

Respecto á terminoloxía específica para o xenocidio, emerxeron diversas propostas como parte do proceso de recoñecemento e construción da memoria colectiva. Hancock difundiu o termo *Porrajmos* –devoración–, como similar á voz hebrea *Shoah* –catástrofe– para o exterminio xudeu⁵. Se ben é o máis expandido, foi rexeitado polo carácter obsceno da raíz *porrav-* en dialectos do romanés, como o vlax (Marushiakova e Popov, 2010, pp. 75-78). Por esta razón, o lingüista Marcel Courthiade suxeriu *Samudaripen* –destrución de todos– como vocábulo máis adecuado, o actual recomendado pola Unión Internacional Romaní (Sierra, 2020, p. 22). Hancock (2006) rexeitouno e respondeu que, como eufemismo de violación, engadiría forza ao concepto, sendo inadecuado só porque o dialecto dos sinti non recolle esta acepción. Por outra banda, menos coñecidas son as expresións *Kali Traš* –o temor negro– e *Berša Bibahtale* –os anos infelices– (Marushiakova e Popov, 2010, p. 78); mentres que algunhas institucións e historiadores empregan a locución de Holocausto romaní. Neste senso, Sierra (2020, p. 23) recalca que este último termo de Holocausto romaní “permite la comparación entre casos y habilita un esquema de comprensión general”, ademais de fomentar o coñecemento público do tema polo seu amplo uso. En todo caso, non parece impoñerse de maneira unilateral ningún dos termos, resultando problemático.

2. A creación de estereotipos e tradición legal antixitana antes de 1933

O intento de aniquilación por parte do Nacional Socialismo partiu dunha longa tradición legal e cultural de discriminación do pobo romaní en Europa, variable segundo

⁴ Refléxase no propio nome e publicacións das asociacións, por exemplo: a Asociación de Mujeres Gitanas Romi de Valencia, a Unión del Pueblo Romaní e a súa *O Tchatchipen: Revista trimestral de investigación gitana*, a Rromani Pativ ou Red Antidiscriminatoria Gitana, a Plataforma Khetane como Movimiento Asociativo Gitano del Estado Español, ou a Federación Gallega de Asociaciones Gitanas.

⁵ Coas variedades ortográficas *Porajmos*, *Pharrajimos* e *Porraimos*, este último en castelán e galego.

a xeografía e a cronoloxía. Desde a finais do medievo, fóronse conformando e consolidando prexuízos que influíron na actitude das poboacións e gobernos europeos respecto ás persoas xitanas, asentados a través da lexislación e medios culturais. Non é a intención aquí de explorar intensivamente este proceso, senón expoñer os aspectos clave.

A través da filoloxía, determinouse a orixe do pobo romaní no norte da India, comezando a migrar desde tan atrás como o século VI (Kenrick, 2007, p. xxxviii). Desde a súa chegada ao continente europeo no XIV, foron escravizados na Europa do Leste ata a centuria decimonónica –nas actuais Rumanía, Hungría e Rusia–; mentres que na Europa Occidental a tónica xeral foron as políticas de expulsión (Hancock, 1987, p. ix), que favoreceron o seu movemento entre fronteiras.

Ao longo da historia, diversos grupos humanos poboaron Europa, mais o que marcou o exotismo e o tópic do eterno estranxeiro intrínsecos á imaxe do xitano foi o seu momento de chegada, ademais do choque cultural coa súa lingua, aparencia e costumes. A primeira circunstancia determinante foi a coincidencia coa busca de homoxeneización cultural na construción do Estado-nación (Sierra, 2020, p. 34). A segunda, que apareceron en tempos de ameaza á cristiandade polo Imperio Otomán (Hancock, 1987, p. 12). Acorde con Hancock (1997), foron identificados como musulmáns ou espías no seu favor, por vir do este, a pel escura e o seu nomadismo⁶. Aínda que sempre foron percibidos como un grupo diferente, Shahar (2007) indica que no século XV eran definidos como unha nación ou pobo –*natio, gens; Volk*–, mentres que desde a segunda metade do XVI se asentou a idea dunha “chusma” de delincuentes de varias nacións, empeorando a súa situación.

A territorios alemán falantes chegaron no século XV, inicialmente como peregrinos e a través de salvocondutos, se ben as expulsións legais comezaron decontado. Como dato engadido, desde 1416 a 1774, o Sacro Imperio Romano Xermánico expediou 148 leis e decretos antixitanos (Kenrick & Puxon, 1995, p. 13), cuxas sancións foron desde a expulsión e o traballo forzado, a castigos físicos e mesmo á pena de morte (Sierra, 2020, p. 35). En contraste, baixo a mentalidade ilustrada do século XVIII, xurdiu a crenza na posibilidade de corrección do seu comportamento, comezando as políticas de asimilación

⁶ Como aos xudeus, a condición de apátridas marcounos, sendo acusados de espías para uns ou outros actores dependendo do contexto particular.

forzada por parte de María Teresa de Austria, o seu fillo Xosé II e Federico II de Prusia. Polo tanto, trataron de impoñerlles aos romaníes un asentamento estable, o servizo militar, a lingua, a asistencia á escola e a limitación a certas ocupacións profesionais (Hancock, 1987, p. 51). Por iso, dedicáronse particularmente a actividades nos ámbitos da metalurxia e o entretemento –músicos, acróbatas–, cestaría e outras labores artesanais, así como coidadores e comerciantes de cabalos (Kenrick e Puxon, 1995, p. 9). Con todo, desenvolveron profesións máis variadas do que se cre, chegando a formar parte das clases medias; ademais de existir comunidades nómades, sedentarias ou practicantes de desprazamentos estacionais para acudir a feiras, por exemplo (Sierra, 2020, p. 59).

No século XIX, o Romanticismo converteu o xitano nunha moda, atraendo o interese de artistas e científicos externos á comunidade. Neste momento, a colectividade xitana, enxalzada pola súa liberdade e vida na natureza, foi contraposta á orde moderna urbana, civilizada. A pesares de certas acepcións positivas, como as capacidades artísticas, a imaxe do xitano utilizouse como contra-exemplo do comportamento adecuado para a orde burguesa, por non respectar as normas sociais nin manifestar fidelidades nacionais (Sierra, 2020, pp. 41-44). Así, afirmáronse os estereotipos sobre os romaníes en abecedarios (ver fig. 1 nos Anexos, p. 36), contos, obras teatrais, a fotografía e as postais (ver fig. 2 nos Anexos, p. 37) (Sierra, 2020, pp. 57-58). Entón, no XIX conviviu a idealización coa continuidade da discriminación, ademais de asentarse as bases para a súa consideración racial cos inicios da bioloxía criminal. Esta foi fundada polo psiquiatra italiano Cesare Lombroso en 1876, con *L'uomo delinquente*, onde afirmou a herdanza da tendencia á delincuencia, detectable a través de anomalías físicas como a forma do cráneo (Widmann, 2007). Así queda reflexado na síntese da súa obra pola filla: “*In the gypsies we have an entire race of criminals*”, caracterizándoos como ociosos, incultos, iracundos, vaidosos, libidinosos, ladróns e asasinados habituais; mentres que aos xudeus lles atribúe delitos como fraude ou falsificación (Lombroso, 1911, p. 140). A súa tese do criminal nato difundíuse sobre todo trala Primeira Guerra Mundial e, como resultado, abandonouse a política de asimilación (Widmann, 2007).

Entrando no século XX, comezou un exhaustivo proceso de localización, identificación e rexistro da poboación romaní en terras alemás. Con este obxectivo, en

1899 conformouse un servizo de intelixencia dentro da policía Múnic, a *Zigeunerzentrale*, que baixo o Nazismo se transformaría na Oficina Central para Combater a Molestia Xitana –*Reichszentrale zur Bekämpfung des Zigeunerunwesens*–. O director, Alfred Dillman, publicaría en 1905 os datos no seu *Zigeunerbuch* ou Libro xitano. Nel, describíaos como unha praga e ameaza á poboación alemá, ademais de ofrecer un rexistro de máis de 3.000 individuos con fotografías, pegadas dactilares, datos xenealóxicos e antecedentes penais (Hancock, 1997). Tamén cómpre destacar a lei bávara do 16 de xullo de 1926 “para combater aos xitanos, vagabundos e tímidos para o traballo”, expandida a nivel nacional en 1929, mandando o seu rexistro ante a policía (Sierra, 2020, pp. 65-68). En canto ás expulsións, multiplicáronse co proceso de consolidación dos territorios nacionais, sobre todo entre 1926 e 1934 nas zonas de intersección fronteiriza ao oeste de Alemaña, provocando un movemento constante das comunidades romaníes. Neste contexto, Suíza fomentou a coordinación internacional, e os gobernos nacionais promoveron a expedición de documentos de identificación, cuxa posesión era un requisito para a mobilidade, mais rexeitaban recoñecer ós xitanos como membros propios e outorgarllos (About, 2014, pp. 500-509). Neste horizonte de intenso control policial e percepción dos xitanos como risco social, chegou o Partido Nacional Socialista ao poder.

3. O Holocausto romaní baixo o réxime Nacional Socialista

En primeiro lugar, expoñerase o marco ideolóxico do Nazismo, atendendo á influencia das teorías raciais e eugenésicas xurdidas no século XIX, xunto coas lóxicas raciais aplicadas ás diferentes colectividades de vítimas. A continuación, explicarase a escalada da persecución xitana de xeito cronolóxico, con alusión á documentación emitida polo réxime e seguindo unha diferenciación tendo en conta o estalido da guerra. Finalmente, compararase co exterminio xudeu nalgúns aspectos clave.

3.1. Contexto intelectual: as lóxicas raciais

No momento de chegada do Nacional Socialismo ao poder, converxeron o marco intelectual promovido polo darwinismo social e o racismo científico, a eugenesia e a bioloxía criminal; xunto con problemáticas sociais derivadas da industrialización e da crise de 1929, ao que se sumou a percepción dunha suposta declinación xeopolítica,

económica e cultural alemá fronte á Europa Occidental e Rusia (Faith-Weiss, 1987 pp. 195-196). Todo isto marcou a ideoloxía e actuacións do Nacional Socialismo.

A noción darwiniana da selección natural do máis apto utilizouse no desenvolvemento das teorías sobre a xerarquización das razas humanas. Seguindo esta liña, un filósofo influínte na ideoloxía Nacional Socialista sería o francés Arthur de Gobineau e o seu *Essai sur l'inégalité des races humaines* de 1855, unha das primeiras obras do racismo científico, na que sinalaba a supremacía da raza nórdica, dentro dela os alemáns. Tamén Houston S. Chamberlain, que a finais de século xustificaba a superioridade alemá polos seus logros científicos e culturais. Deste xeito, desde o XIX estíbese definindo unha supremacía aria tanto biolóxica como cultural (Hancock, 1997).

En canto á eugenésia, as ideas de mellorar a xenética mediante a intervención humana atopábanse en Occidente antes de 1933, non só en Alemaña ou na dereita do espectro político. Nas súas orixes na década de 1890, formulábase como cuestión social. O obxectivo era o incrementar a poboación apta e desfacerse da incapaz de contribuír á sociedade, xa que se entendía unha nación poderosa e san como produtiva. Tratábase dunha resposta da clase media á rápida industrialización, con consecuencias como o incremento da criminalidade, a pobreza, o alcoholismo, os suicidios e a prostitución nos suburbios urbanos; xunto cun estalido de mobilización social (Faith-Weiss, 1987, pp. 193-195). En concreto, en Alemaña cómpre destacar a publicación en 1921 de *Grundriss der menschlichen Erblichkeitslehre und Rassenhygiene* –Esquema da herdanza humana e a hixiene racial–, por Erwin Baur, Eugen Fischer e Fritz Lenz. Nela, manifestaban a idea de que os pobos inferiores se reproducían a maior velocidade que os superiores. As solucións que propoñían eran as habituais entre xenéticos eugenésicos: leis restritivas para o matrimonio e de esterilización dos pobos inferiores. O ascenso ao poder do Nacional Socialismo proporcionou a posibilidade para aplicar estas teorías na práctica, ao tempo que o apoio científico lle proporcionaba confianza ao partido (Müller-Hill, 1998, pp. 103-105). Segundo Pross (1994, pp. 1-3), estas ideas só gañaron amplos adeptos trala depresión económica de 1929, que provocou deficiencias nos servizos sociais –saúde e paro– da República de Weimar. Neste contexto, gañou simpatizantes a destrución dos considerados seres inferiores ao ofrecer garantías sociais para os superiores.

Entón, para o Nacional Socialismo, o foco non estaba só no antisemitismo, senón na limpeza de calquera influencia perniciosa que contaminase o corpo da nación –*Volk*– e a súa pureza xenética (Grenville, 1998, p. 315). Por iso, promocionaron políticas de poboación co obxectivo de purgar os denominados elementos racialmente inferiores. Isto incluía xudeus, xitanos e insáns –discapacitados físicos e mentalmente defectuosos–, aos que se lle aplicou unha lóxica similar desde o punto de vista xenético (Müller-Hill, 1998, p. 110). Tamén incluía persoas socialmente desviadas ou asociais, denominadas en alemán *Gemeinschaftsfremder* ou alleas á comunidade, abarcando alcohólicos, alborotadores, vagos, mendigos e criminais (Aly, 1994, p. 52). Con todo, un aspecto no que se diferencian é o exterminio mediante o traballo. Este tomou un papel central especialmente durante a guerra, sumando razoamentos militares e raciais. Joseph Goebbels, ministro de Propaganda do Reich, argumentouno como o mellor método de exterminación para os diferentes grupos de vítimas, incluíndo asociais, presos políticos, eslavos, xudeus e xitanos; mais non aplicaba para os insáns porque eran obxectivados como vítimas precisamente pola súa incapacidade para traballar (Aly, 1994, p. 70).

En todo caso, aínda que as lóxicas raciais foran semellantes para os colectivos sinalados, é certo que Hitler tiña unha obsesión persoal cos xudeus, cuxa primeira declaración escrita é unha carta do 16 de setembro de 1919 (Childers, 2019, p. 57), ademais de conformarse o antisemitismo como un elemento conectivo do programa do partido para atraer tanto a simpatizantes da esquerda como da dereita, cos xudeus como chibo expiatorio da perda da Primeira Guerra Mundial e responsables tanto do bolxevismo como do capitalismo (Childers, 2019, pp. 66-69). Tanto Thomas Childers, que apenas referencia as vítimas xitanas, como Zimmermann (2013), centrado no seu estudo; ambos declaran a prioridade dada á ameaza xudía e a implicación de Hitler nesta. En cambio, Hitler non ocuparía un papel central nas políticas dirixidas aos romaníes, senón que neste último caso destaca o rol de Heinrich Himmler, xefe das SS.

3.2. *Desenvolvemento cronolóxico*

No proceso xenocida, cómpre diferenciar unha primeira fase de exclusión dos dereitos civís, proposta de esterilización e internamento en campos locais exclusivos para xitanos en Alemaña, así como algunhas deportacións a campos de concentración con xudeus e

demais vítimas. A esta primeira fase seguiría unha radicalización da persecución tralo estalido da guerra, dando lugar ao espolio de bens, a deportación, o endurecemento do traballo forzado e a aniquilación activa mediante execucións sumarias e cámaras de gas.

3.2.1. *Dinámica de 1933 a 1939*

O 14 de xullo de 1933, promulgouse a nomeada Lei de esterilización involuntaria, oficialmente a *Lei para a prevención da descendencia con enfermidades hereditarias*, que se dirixiu a insáns –esquizofrénicos, depresivos, cegos, xordos–, incitando ao uso da forza ante a negativa a someterse ao procedemento (Müller-Hill, 1998, p. 106). Se ben non mencionaba ós xitanos en concreto, Zimmermann (2013) sinalou que uns 500 foron esterilizados baixo esta lei durante o ano seguinte. Tamén en 1933, a *Lei contra criminais habituais* do 24 de novembro permitiu a súa reclusión en campos de internamento, de xeito preventivo, ao consideralos delincuentes potenciais (Milton, 1992, p. 2). Isto reflexaríase no *Decreto para a prevención do crime* en decembro de 1937, non publicado, que os incluía como persoas de comportamento asocial (Kenrick e Puxon, 1995, p. 28).

Por outra parte, tivo lugar unha fusión ideolóxica da hixiene racial co antisemitismo nas Leis de Núremberg do 15 de setembro de 1935 (Childers, 2019, p. 441). A *Lei para a protección da sangue e honra alemá* prohibía o matrimonio e relacións sexuais extra-matrimoniais entre persoas de sangue aria e membros de razas inferiores, explicitamente xudeus, mentres que a *Lei de cidadanía do Reich* lles retiraba a cidadanía (Childers, 2019, p. 446). Posteriormente, en novembro, comentarios ás leis con valor legal aclararon a inclusión nos grupos raciais inferiores de xitanos e negros (Sierra, 2020, p. 77).

Desde este mesmo ano, comezou o internamento en campos locais específicos para xitanos –*Sonderlager*–, promovido pola presión das autoridades municipais, máis que tratarse dunha medida impulsada a nivel nacional. Localizados ás aforas das cidades e vixiados polas SS ou a policía local, combinaban aspectos de gueto e campo de concentración, como medida de custodia protectora. Subministraron man de obra para o traballo forzado, contribuíron ao estudo xenealóxico dos romaníes e neles tiveron lugar esterilizacións. Ademais, desde aquí podían ser transportados a campos de concentración como castigo por incumprir normas, así como a partir de 1938 pola demanda para

traballos forzados. De cara a 1939, convertéronse en campos de recolección ou tránsito –*Sammellager*– para a posterior deportación a Polonia (Milton, 1992, p. 4).

En marzo de 1936, nun memorando do secretario de Estado do Ministerio de Interior, Hans Pfundtner, este sinala a necesidade dunha “solución total” ao problema xitano, coa preparación dunha *Reichszigeunergesetz* ou *Lei xitana do Reich* para suplementar as leis de Núremberg, aínda que non se chegou a emitir. Como medidas provisionais, recomendaba a expulsión de xitanos estranxeiros, a restrición de movemento e das licencias de oficios itinerantes, un incremento da vixilancia policial e a esterilización dos *Mischlinge* ou mestizos, sendo necesario un rexistro metódico para solucionar a cuestión (Milton, 1992, p. 3). Con este obxectivo, na primavera de 1936 foi fundada a Unidade de Investigación da Hixiene Racial e Bioloxía Demográfica (RHF, nas súas siglas en alemán), dentro do Departamento de Saúde do Reich. Estaba dirixida polo psiquiatra e neurólogo Robert Ritter, o experto en xitanos do réxime, ao que se lle encargou a labor do seu rexistro e clasificación racial para formular a dita lei nacional conforme con esa información. Comezou unha investigación sistemática no ano 1937, fundamentalmente a través dos campos locais, elaborando unha clasificación seguindo a xenealoxía pero tamén o grao de integración social. Así, concluíu que o 90% duns 24.000 romaníes alemán-falantes examinados eran mestizos⁷, resultado da contaminación do grupo ario que saíra da India, a través do contacto cos criminais e clases baixas europeas na súa migración⁸. Propuxo a esterilización como solución (Kenrick e Puxon, 1995, pp. 18-21).

Seguindo esta información, a Oficina Central da Policía Criminal do Reich (RKPA), o 8 de decembro de 1938 promulgou o *Decreto “para combater a praga xitana”*, firmado por Himmler. A devandita disposición deu un salto cualitativo na persecución, mencionando a “solución do problema xitano baseada nas características internas desa raza” –*die Regelung der Zigeunerfrage aus dem Wesen dieser Rasse heraus in Angriff zunehmen*–, constituíndo a primeira vez que se mencionaba como unha cuestión racial. Ademais, estableceu unha clasificación que distinguía entre os xitanos étnicos puros,

⁷ Para 1942, chegaría ao rexistro de 30.000 xitanos en Austria e Alemaña.

⁸ Idea que viña sendo proposta desde o século XIX.

diferentes graos de mestizos ou *Mischlinge* e finalmente persoas itinerantes non xitanas que se comportan como tal –os *Jenische* ou ieniches– (Zimmermann, 2013).

3.2.2. *Dinámica durante a Segunda Guerra Mundial*

O 17 de outubro de 1939, a Oficina Central de Seguridade do Reich (RHSA), dentro da que se atopaba a RKPA, emitiu un decreto para resolver a cuestión xitana no Reich, indicando que tralos próximos arrestos foran trasladados a campos de recolección ata a súa deportación final a Polonia –decisión de Reinhard Heydrich, xefe da RKPA–, prohibindo o movemento e cambio de domicilio dos que faltaban por rexistrar (Milton, 1992, p. 4). Estaba planificada para finais de ano, mais pospúxose (Kenrick e Puxon, 1995, p. 31). Finalmente, o primeiro transporte saíría en maio de 1940, cuns 2.300 individuos. Non obstante, tan pronto como en novembro do mesmo ano, as autoridades alemás do Goberno Xeral polaco negáronse a aceptar novos grupos de prisioneiros xitanos, freando as deportacións, o que reflexa as tensións existentes entre o mando central e as autoridades rexionais ou locais (Sierra, 2020, pp. 86-87). Neste momento, púxose a prioridade na expulsión dos xudeus (Kenrick & Puxon, 1995, p. 34), mentres que aumentou a esterilización do colectivo xitano –sistematizada en 1943– e a limitación da súa participación na vida pública (Illuzzi, 2023, p. 344).

A escalada das medidas antixitanas do Reich tivo lugar en 1941 trala invasión da Unión Soviética. Xunto co aumento das deportacións de romaníes do Reich a Polonia, na Europa Oriental producíronse execucións masivas por parte dos *Einsatzgruppen* –unidades móbiles especiais de asasinato– que acompañaban ao exército (Sierra, 2020, pp. 95-96), e polas SS e as policía de orde e seguridade –*Ordnungspolizei* e *Sicherheitspolizei*–. A mediados de xullo 1941, Heydrich e Reinecke decidiran que os *Einsatzgruppen* deberían identificar e fusilar aos “elementos política e racialmente inacceptables”, cuxo principal obxectivo serían os xudeus e comunistas, que converxían no arquienemigo imaxinario xudeu-bolxevique, mentres que os xitanos ocuparían un lugar subordinado, entendidos como espías deste, especialmente os nómades (Zimmermann, 2013).

Unha paréntese a estas medidas foi unha iniciativa de Himmler entre setembro e decembro de 1942, coa proposta de crear unha reserva natural para o estudo dos “xitanos

auténticos”, de natureza aria. Porén, o proxecto foi descartado polas discordancias que xurdiron ao respecto (Sierra, 2020, pp. 104-106). Finalmente, o 16 de decembro de 1942, Himmler emitiría a orde de deportación dos xitanos do Reich a Auschwitz-Birkenau, dando unha maior coherencia á anterior persecución non sistemática (Zimmermann, 2013). Concretaríase no coñecido como Decreto de Auschwitz do 29 de xaneiro de 1943, sinalada como equiparable á “solución final” dos xudeus na Conferencia de Wansee en xaneiro do ano anterior. O decreto incluía os xitanos de Alemaña, Austria, o Protectorado de Bohemia e Moravia –actual República Checa–, os Países Baixos, Bélxica e os departamentos do norte de Francia incluídos na administración belga –Nord, Pas-de-Calais–, aínda que tamén afectou aos polacos, non mencionados (Sierra, 2020, p. 108).

A resolución definiu un primeiro grupo privilexiado de xitanos puros, os Sinti e Lalleri⁹, que xunto cos mestizos “bos para os estándares xitanos” se lles permitiría a reprodución. De novo, facía unha excepción da deportación xeneralizada para un segundo grupo, os mestizos socialmente integrados, con domicilio e traballo estable, así como os soldados da *Wehrmacht* con condecoracións, para os que era obrigada a esterilización. Tódolos restantes serían deportados (Kenrick e Puxon, 1995, pp. 40-43). Estas excepcións teóricas non se cumpriron na práctica, o que se coñece grazas aos rexistros de Auschwitz-Birkenau e os testemuños de superviventes e perseguidores¹⁰. De feito, os exentos conformaban os individuos máis fáciles de identificar. Por outra banda, o rexistro era sistemático en Alemaña e Austria pero a clasificación non estaba clara noutras zonas ocupadas, mentres que os corpos de seguridade non sempre as aplicaron, senón que se guiaron polos seus prexuízos. Neste sentido, entraron en xogo as definicións ambiguas dos mestizos e as contradición das lóxicas nazis: era desexable desfacerse dos asimilados, que supoñían un maior perigo para a raza aria ao mesturarse coa sangue alemá; ou dos puros, viaxeiros, que se resistían ás normas sociais? (Sierra, 2020, p. 111)

As deportacións efectuáronse de comezos de 1943 ao verán de 1944. Aínda que xa había xitanos rexistrados en Auschwitz desde 1941, a partir deste momento destináronse

⁹ Romaníes das áreas alemán-falantes de Bohemia e Moravia.

¹⁰ Afirmado polo líder de sección Pery Broad.

ao *Zigeunerlager* ou campo familiar xitano¹¹, sen segregación por sexo e co mantemento das vestimentas coas que chegaban (Sierra, 2020, p. 113). Acorde con Zimmermann (2013), dos 19.300 de 22.600 romaníes recluídos en Auschwitz-Birkenau, a maioría morreron por desnutrición, enfermidades, insalubridade e extenuación polos traballos forzados; mentres que uns 5.600 nas cámaras de gas. Uns 2.900 faríano na liquidación do campo o 2 de agosto de 1944 co obxectivo de dar cabida a xudeus húngaros, despois do traslado dos aptos para o traballo (Sierra, 2020, p. 135). Así mesmo, algunhas defuncións foron resultado de experimentos médicos levados a cabo polo doutor Josef Mengele, tanto relacionados coa guerra como co ensaio de fármacos ou procedementos médicos. Mengele tivo un especial interese na heterocromía e na reprodución de xemelgos, preferindo suxeitos romaníes para os seus estudos (Sierra, 2020, pp. 132-133).

Ao respecto deste decreto, Kenrick e Puxon (1995, p. 38) sinalan que a deportación parece unha decisión persoal de Himmler, así como Zimmermann (2013) afirma que non existen probas da iniciativa de Hitler. En contraste, Milton (1992, p. 8) suxire que puido estar involucrado na resolución formal, xa que se reuniu con Himmler o 10 de decembro de 1942, poucos días antes da emisión do decreto. En todo caso, aínda que non promovera activamente o exterminio xitano, non o obxectou.

3.3. *Comparativa co Holocausto xudeu*

Salvando as diferencias, particularmente a prioridade e maior centralización e intensidade do xenocidio xudeu, existen paralelismos ideolóxicos e no proceso de exterminación para ambos casos, coas mesmas prácticas: concentración en campos e guetos cuxas condicións provocaron a súa morte masiva –desnutrición, enfermidade, extenuación–, así como a aniquilación activa mediante fusilamentos e cámaras de gas.

En primeiro lugar, cómpre abordar o máis descentralizado patrón de persecución do colectivo xitano, con dinámicas diverxentes dependendo da xeografía (ver mapa 1 nos Anexos, pp. 39-40). As prácticas xenocidas foron máis extensas para os xudeus, agás para os territorios de Alemaña, Austria, República Checa e Polonia; onde se volve difícil

¹¹ A denominación da unha sensación de naturalidade na relación entre os prisioneiros, mais había romaníes de diversos países, linguas e costumes; algúns internados en familia e outros separados.

distinguílo. Nos tres primeiros, a dinámica foi dun incremento da vixilancia policial e retiro de dereitos civís, xunto co internamento en campos e a posterior deportación. Por outra banda, na Unión Soviética predominaron as execucións sumarias polos *Einsatzgruppen* e a policía, máis sistemáticos no noroeste ruso, os países bálticos e Crimea ca en Bielorrusia ou Ucraína. Tamén tiveron lugar en Polonia, onde conviviu a dinámica do encerro en campos e guetos coa dos fusilamentos, así como houbo tiroteos en Serbia. Ás veces, argumentábanse as execucións como represalia de ataques partisanos, como escusa, pois afectaron tamén a infantés. En canto aos países satélite e os aliados, existen diferenzas. A Romanía simpatizante de Antonescu e o nominalmente Estado Independente de Croacia de Pavelic, foron os únicos casos onde as autoridades efectuaron o xenocidio do colectivo xitano, independentemente do réxime Nacional Socialista. De Romanía enviáronse a Transinistria para realizar traballos forzados; mentres que en Croacia se destinaron ao complexo de Jasenovac, ademais de que eran percibidos como axentes ao servizo dos serbios. Nos países occidentais houbo unha maior incidencia da persecución xudía, mentres que a romaní foi menos consistente: en Bélxica e os Países Baixos aplicaron as deportacións a Auschwitz-Birkenau, mentres que para Francia e Italia non, senón que permaneceu a tradición antixitana anterior. Con todo, abríronse campos en ambos países, en Francia tanto na zona ocupada como na teoricamente independente de Vichy, xunto con algunhas deportacións desde estas áreas¹². En canto a Hungría, aliada, houbo persecución e deportacións especialmente trala ocupación en 1944, mais non comparable ao caso xudeu. En Eslovaquia, tiveron lugar algunhas execucións e internamento en campos, mais non sistemáticos. Finalmente, non hai evidencias de prácticas xenocidas nas aliadas Bulgaria e Finlandia; nin nas ocupadas Dinamarca, Noruega e Grecia. En contraste, as vidas xudías estaban ameazadas e eran perseguidas activamente nos territorios previamente mencionados (Zimmermann, 2013).

Relacionado coa maior descentralización, foi determinante a interacción entre centro e periferia, entre as políticas centrais e a interpretación e presións nacionais ou locais. As autoridades periféricas interromperon a escalada das medidas ou agravárona, dependendo

¹² Para unha análise máis extensa das dinámicas en Francia, Austria, Croacia, Rumanía, Ucraína e o noroeste ruso; ver en Weiss-Wendt (Ed.) (2015).

do caso, así como estalaron tensións entre elas. Por exemplo, as autoridades austríacas do Burgenland –zona fronteiriza con Hungría– aplicaron estritamente as directivas centrais e urxiron a deportación a Polonia, mentres que as do gueto de Lodz quixeron frear os transportes (Zimmermann, 2013). En contraste, as autoridades musulmás nos Balcáns protexeron os xitanos de confesión musulmá (Illuzzi, 2023, p. 349). Estes son dous exemplos a maiores dos citados previamente sobre a presión local para a creación campamentos en Alemaña entre 1933 e 1939, a diferente aplicación das directivas na Europa ocupada e a reinterpretación da clasificación racial e ignorancia das excepcións por parte policía encargada de deter os romaníes. Estas inconsistencias na persecución, foron argumentadas para restarlle gravidade, mais Sierra (2020, p. 104) discrepa. Como vemos, tamén empeoraron o destino dos xitanos en gran parte das ocasións.

Respecto á intencionalidade e planificación, Guenter Lewy (2000, p. 223) descartou a persecución romaní como xenocidio por varias razóns, entre elas, a inexistencia dunha intención clara e plan previo para a exterminación. Neste senso, está en desacordo con igualar o Decreto de Auschwitz de 1943 á Conferencia de Wansee, xa que non implicou un exterminio inmediato, senón que o *Zigeunerlager* se mantivo máis dun ano ata que se liquidou para facer sitio para xudeus. Non obstante, Zimmermann (2013) recalca que ambas persecucións escalaron co estalido da guerra, sen un proxecto predefinido desde o ascenso ó poder do Partido Nacional Socialista. Máis ben, tratouse de plans provisionais improvisados mesmo para o caso xudeu: os campos polacos serían de tránsito, cun primeiro obxectivo de reasentamento forzado fóra do continente europeo, mentres que a eliminación se puxo en marcha ao non suceder o esperado rápido triunfo sobre a Unión Soviética¹³. Polo tanto, en ningún caso existía un plan directivo inicial nin en 1933 nin mesmo en 1939, senón que se infire das documentacións que se emitiron sobre a marcha e os feitos posteriores. Ademais, cómpre lembrar que o plan de esterilizar un 90% dos xitanos, os *Mischlinge*, se ben non constituía unha aniquilación física activa como as execucións ou as cámaras de gas, implicaba unha intención de destrución biolóxica.

¹³ Neste sentido, é preciso apuntar a utilización de linguaxe aberta, non explícita, que orixinalmente non implicaba exterminio, reflexo dunha estratexia psicolóxica pero tamén da improvisación dos plans: evacuación –*Evakuierung*– ou reasentamento –*Aussiedlung*–, no caso dos xitanos mesmo viaxe –*Reise*–, así como a tan coñecida “solución final” –*Endlösung*–.

Ambos grupos foron caracterizados como entidades raciais polos perpetradores, cunha imaxe uniforme destes que non se correspondía coa percepción propia, particularmente no caso romaní. É certo que ata 1938-1939 non foi unha cuestión explicitamente racial e que os xitanos se enmarcaron nunha loita preventiva contra o crime, sendo rexistrados como delincuentes, asociais ou tímidos para o traballo (Illuzzi, 2023, p. 344); ademais de ser acusados de espías ou partisanos na Europa Oriental, unha categoría que semella máis ben socio-política¹⁴. Non obstante, o seu destino estivo marcado pola xenética. Cómpre lembrar a crenza na herdanza do comportamento criminal, enredando nocións biolóxicas e sociais. A maiores, vese claro como grupo racial polo alcance á poboación infantil xitana, mentres que vítimas doutros colectivos, como presos políticos, foron principalmente homes adultos (Sierra, 2020, pp. 128-129).

Por outra banda, a definición dos xudeus foi máis precisa que a dos xitanos. A primeira quedou establecida en Núremberg, cun cuarto de sangue xudía¹⁵ (Illuzzi, 2023, p. 344), mentres que para os xitanos foi ambigua e confusa, mesturando a ascendencia e o grao de asimilación social, sendo a ameaza os mestizos sedentarios ou os “auténticos” nómades dependendo da xeografía. Outro aspecto diferencial é que ningún xudeu podía aspirar á natureza aria, como os Sinti e Lalleri puros (Zimmermann, 2013). Ao respecto, Lewy (2000, p. 219) sinalou que a conducta social xogou un maior papel que a orixe racial, mais cómpre ter en conta a mestura dos conceptos sociais e biolóxicos na época.

Por último, cómpre abordar as posibles razóns da prioridade ao exterminio xudeu e a ameaza permanente en todo o Reich e as súas zonas de administración militar ou civil, en contraposición á subordinación da cuestión xitana e a súa variación xeográfica. Primeiro, podemos salientar o predominio do antisemitismo na ideoloxía de Hitler e do partido; segundo, unha subordinación na percepción racial –os xitanos como raza allea á comunidade, os xudeus como contra-raza–; e terceiro, a marxinalidade e insignificante proporción numérica da poboación romaní (Zimmermann, 2013), en concreto, un 0.05%

¹⁴ A pesares da subordinación oficial das vítimas, Otto Ohlendorf, líder do *Einsatzgruppe* do sur de Rusia e Crimea, testemuñou que as bases para asasinar a xudeus e romaníes eran as mesmas (Milton, 1992, p. 7).

¹⁵ Segundo Grenville (1998, pp. 319-320), había unha dificultade na clasificación xudía porque os censos anteriores eran por relixión, mentres que o interese no rexistro dos xitanos desde épocas anteriores permitiu un mellor rastrexo da ascendencia, chegando a detectar ata 1 tataravó (1/16). É o único historiador que aporta unha proporción tan pequena, mentres que outros aluden á consideración de mestizo con 1/8 ou 1/4.

da sociedade alemá (Milton, 1992, p. 1). Neste sentido, o impacto das exorbitantes 6 millóns de vítimas do exterminio xudeu –un 65% da poboación xudía previa á guerra–, pode eclipsar o feito de que as 220-500.000 vítimas xitanas chegan a implicar un 70-80% dependendo do territorio¹⁶, ademais de considerar a subestimación das cifras debido ás deficientes estatísticas previas –agás para os alemáns–, o escaso coñecemento para a Europa Oriental e a clasificación baixo diversas etiquetas (Sierra, 2020, p. 71).

A pesares das voces contrarias á comparativa das experiencias romaní e xudía baixo o nazismo, tanto por parte de historiadores xudeus como activistas romaníes; a maioría de académicos inciden nas similitudes (Sierra, 2020, p. 25). Están ligadas unha á outra, non só por compartir un contexto ideolóxico e proceso semellantes, senón porque as asimetrías no coñecemento en favor do Holocausto xudeu inflúen na percepción do xitano. Por esta razón, é importante recalcar a pertinencia da comparación aquí exposta.

4. Memoria

Após 1945, non rematou a discriminación do colectivo romaní. Nalgúns países retomouse a lexislación antixitana anterior –como en Colonia e Düsseldorf en Alemaña, ou en Francia, onde os denominados nómades se mantiveron nos campos ao tempo que se liberaban os demais internos– (Sierra, 2020, p. 149), así como foron excluídos das compensacións na prosecución dos crimes do Nazismo (Weiss-Wendt, 2015, p. 19). Entón, neste apartado explorárase o proceso de recuperación das vítimas silenciadas, aludindo ás organizacións clave na restitución e memoria do xenocidio romaní, ás rivalidades co colectivo xudeu e iniciativas de memoria e conmemoración destacadas.

4.1. O camiño á restitución e ó recoñecemento: a xerarquía de vítimas

Acorde con Sierra (2020, pp. 152-153), desde a inmediata posguerra alzáronse voces en denuncia da persecución xitana desde fóra e dentro da comunidade¹⁷. Non obstante, o

¹⁶ A primeira cifra das 220.000 vítimas foi elaborada por Kenrick e Puxon en 1972, estimando 1 millón de romaníes antes da guerra, mais logo baixaría o cálculo a uns 830.000. Por outra banda, as 500.000 foron proporcionadas polo *Zentralrat*, cuestionadas por Lewy (2000, p. 222) por non ofrecer unha segregación por país, que si proporcionaron Kenrick e Puxon. Polo tanto, a porcentaxe sería dun asasinato dun 30 a un 40% da poboación xitana europea, mais conformando un 70-80% nos territorios do Reich.

¹⁷ Por exemplo, por parte do francés Matéo Maximoff, romaní; e pola Asociación en interese dos xitanos alemáns de Múnic. Estaba liderada por Jochheim-Armin, interesado en representar as vítimas esquecidas por razón da súa clasificación como asocial para internar en Dachau (Jokoswicz, 2016, pp. 122-123).

pobo romaní non contou con interlocutores, nin unha organización centralizada que xestionara a restitución –como o Consello Mundial Xudeu– nin existiu unha vontade de escoitar por parte da sociedade. Con todo, fóronse abrindo paso na reclamación de restitucións e recoñecemento na Alemaña Occidental¹⁸. Segundo a socióloga Nadine Blumer (2015, pp. 207-208), ata a década de 1960 predominou un relato de tripla victimización en Alemaña: polo réxime Nacional Socialista –falando de crimes contra a humanidade xenéricos–, a invasión da Unión Soviética e os bombardeos dos Aliados. Non obstante, desde Israel e os Estados Unidos, o colectivo xudeu fixo presión polas compensacións, impondo o discurso da singularidade do Holocausto xudeu nas décadas de 1970 e 1980. Como consecuencia, complicou a reclamación do status de vítima para outros grupos co argumento de que minimizaba o sufrimento do colectivo xudeu.

En canto ao Holocausto romaní, en 1956 unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza alemán afirmou para os perpetradores unha actuación lexítima como parte da loita preventiva para o crime, aplicando só unha persecución racial a partir do Decreto de Auschwitz de 1943. Deste xeito, quedaban fóra da compensación tódalas reclamacións anteriores a tal data (Blumer, 2015, p. 209). Mais na década de 1960 houbo un cambio na práctica xudicial, impulsado pola actuación decisiva de Kurt May, xudeu á fronte da *United Restitution Organization* en Fráncfort. May impulsou ao xuíz Franz Calvelli-Adorno a cuestionar que valorar todo o colectivo xitano como asocial, como característica inmutable, non fose unha clasificación racista, publicando un artigo sobre o tema en 1961. A súa publicación foi determinante para considerar a persecución racial a partir de 1938 co Decreto para combater a praga xitana (Sierra, 2020, p. 150).

Ademais, comezou o desenvolvemento do movemento internacional romaní polos dereitos civís, que se consolidaría nos 70. A principios da década de 1960, Ionel Rotaru fundou o *Commounauté Mondiale Gitane*, prohibido polo goberno francés en 1965, buscando a unión das diversas comunidades romaníes para a reclamación de indemnizacións, cambios legais e dereitos sociais (Sierra, 2020, p. 166). O seu traballo foi relevado polo *Comité International Tzigane*, que organizou o Primeiro Congreso

¹⁸ En cambio, no bloque oriental os gobernos comunistas ignoraron a persecución racial, articulando os seus discursos e memoria en alusión ao sufrimento da poboación na guerra.

Internacional Romaní en Londres, en 1971 (Kenrick, 2007, p. 46). O Congreso seguiu a liña dos comités anteriores, ademais de adoptar unha bandeira e himno nacional. Desde o Segundo Congreso en 1978, a Unión Internacional Romaní (IRU) tomou o liderado como representación oficial do pobo xitano globalmente (Kenrick, 2007, pp. 125-126). En canto a Alemaña, os activistas xitanos deron un salto na defensa pública da súa causa, saíndo a protestar ás rúas (Sierra, 2020, p. 156). Cómpre destacar un acto de conmemoración en Bergen-Belsen o 27 de outubro de 1979 (ver fig. 3 nos Anexos, p. 38) e unha folga de fame o 4 de abril de 1980 en Dachau, organizada con apoio da *Gesellschaft für bedrohte Völker* ou Asociación para os Pobos Ameazados (Blumer, 2015, p. 209). Ademais, a mediados dos 80, habería un intenso debate público sobre o nazismo, o que se coñece como *Historikerstreit* ou disputa dos historiadores (Sierra, 2020, p. 156).

En 1982, creouse o *Zentralrat Deutscher Sinti und Roma* ou Consello Central dos Sinti e Roma Alemáns, liderado por Romani Rose. A sede foi visitada polo chanceler Helmut Schmidt, que recoñeceu por primeira vez de maneira oficial o xenocidio nazi dos sinti e romaníes (Blumer, 2015, p. 205). Entón, o *Zentralrat* funcionou como nexo co goberno alemán, cun papel clave na indemnización e memoria do Holocausto xitano (Weiss-Wendt, 2015, p. 21). En 1988, a raíz da proposición dun memorial nacional en Berlín ás vítimas xudías do nazismo de toda Europa, Romani Rose replicou que a exclusividade da iniciativa falaba dunha xerarquía de vítimas, e tratou de acordar un memorial compartido co colectivo romaní. Porén, foi rexeitado polo Consello Central Xudeu e o Senado (Blumer, 2015, pp. 211-214). En xuño de 1999, o Parlamento decretou a execución de memoriais separados e habería que esperar a 2012 para a inauguración do memorial dos Sinti e Roma. Xunto co das vítimas xudías (2005) e o dos homosexuais (2008), constitúen os tres memoriais nacionais alemáns (Blumer, 2015, pp. 219-224).

En 2005, o Parlamento europeo instou ás institucións e estados membros a recoñecer o oficialmente o Holocausto romaní baixo o nazismo (Sierra, 2020, p. 160). Neste momento, apreciouse o apoio institucional nas cerimoniais do 60 aniversario da liberación dos campos, conformando o punto álxido das conmemoracións (Stauber e Vago, 2013).

Deste xeito, o xenocidio xitano foi un tema esquecido e silenciado nos primeiros momentos (1945-1960/70), se ben na década de 1970 estalou con forza a loita polo

recoñecemento, acadando unha maior visibilidade e consolidación particularmente en Alemaña, xa nos anos 80. En todo caso, non foi ata 2005 que logrou un apoio institucional definitivo e a nivel europeo. Así, a memoria xudía e romaní desenvolvéronse con certo destempo, mais seguindo procesos semellantes, coa necesidade de presión para a integración no discurso público e político, se ben o discurso da singularidade da Shoah desembocou na rivalidade entre vítimas e nunha predominancia xudía nos xeitos de conmemoración da nación alemá, así como na narrativa historiográfica. Por esta razón, Joskowitz (2016, p. 125) caracteriza a memoria do Holocasuto como multidimensional, asimétrica e xerárquica: “capable of simultaneously undermining and spurring Romanies’ attempts for recognition of their persecution during the war”¹⁹.

4.2. O activismo moderno vs. a cultura tradicional

Segundo a historiadora e etnógrafa Elena Marushiakova e Vesselin Popov (2010, pp. 83-86) o proceso de toma de conciencia e fomento da memoria forma parte do proxecto político de construír unha identidade nacional común, liderado por unha elite romaní moderna que representa á comunidade internacionalmente e pon énfase no sufrimento do pobo xitano durante séculos como súper narrativa cohesiva; mentres que gran parte dos xitanos non-activistas non se sentirían identificados con esta lectura da “víctima eterna”, porque na súa cultura non tenden a gardar as adversidades históricas no recordo colectivo.

Non só xente común, senón que no caso xudeu, tamén discriminado historicamente, os propios pensadores sionistas apuntaron a necesidade de consolidar unha identidade sobre símbolos positivos²⁰, segundo Stauber e Vago (2013). Por outra banda, o sociólogo Sławomir Kapralski (2015, pp. 229-230) criticou as posturas na dirección do reiterado estereotipo do “pobo sen historia” –na súa cultura non se preocupan polo pasado– ou a tese da “memoria implícita” de Michael Stewart –sobreentendida nas relacións co mundo

¹⁹ É dicir, que a memoria xudía ao mesmo tempo socavou e estimulou a romaní. Por exemplo, se ben personaxes xudeus como May impulsaron a causa xitana, noutros casos a narrativa xudía prexudicouna, como os testemuños de xudeus nos xuízos de reclamación. Ademais, os investigadores preguntaron aos superviventes xudeus sobre os xitanos, recollendo declaracións como a de Emmanuel Ringlebum e outras que reforzan estereotipos do primeiro grupo sobre o segundo, ademais de reflexar tensións entre ambos que revelan a ruptura de solidariedade creada polos nazis e a dura realidade dos campos.

²⁰ De aí o énfase no estudo da resistencia xudía, investigada en menor medida para os romaníes, mais foise destacando a súa participación na resistencia antifascista.

non-romaní, mais non conmemorada activamente—. Ao respecto, advertiu do perigo de xeneralizar debido á heteroxeneidade do pobo xitano, afirmou que lembraban dentro da comunidade –pero ausencia dunha rede de comunicación para expandilo– e argumentou que esa concepción descartaba a labor dos activistas. En resumo, Kapralski sostén que si existiron actos conscientes de memoria (2015, pp. 238-239). Polo tanto, o silencio sobre o xenocidio romaní non veu determinado pola cultura tradicional, senón por factores estruturais, en concreto, as particularidades da persecución –descentralizada, racial mais co uso de etiquetas sociais–, a entrada tardía na narrativa do Holocausto e a percepción dos roma pola maioría da poboación, xunto co seu status social –marxinal, cun baixo nivel de educación e organización política, ata recentemente– (Kapralski, 2015, pp. 232-235).

Un exemplo paradigmático de memoria explícita é a *Tabor Pamięci* ou Caravana da Memoria no sur de Polonia, organizada polo museo rexional de Tarnów e a Asociación Socio-Cultural Romaní de Tarnów, como iniciativa de xitanos cárpatenos asentados na montaña, que arredor de 1950 emigraron a vilas e urbes. A pesares de non ser nómades, decidiron reconstruír unha caravana polo seu simbolismo na identidade romaní, e desde 1996 visita cada ano lugares simbólicos do Holocausto. Pasa polo cemiterio de Krzyz, o sitio de execución de 93 xitanos en Szczurowa, o lugar do que saíu o primeiro transporte a Auschwitz con prisioneiros polacos en 1940, desde Tarnów, e por unha placa memorial ás vítimas xudías de Tarnów²¹. Neste acto, únense as formas tradicionais e modernas de conmemoración, por exemplo, a práctica de derramar vodka sobre as tumbas do cemiterio e a interpretación de música; xunto coa exhibición da bandeira e o himno internacionais, lecturas de nomes de vítimas, ofrendas florais e discursos. A maiores, como mostra da integración coa sociedade polaca católica, ten lugar a bendición e recibimento polos párrocos de diferentes puntos do percorrido (Kapralski, 2015, pp. 243-247).

²¹ Os familiares sempre visitaron Szczurowa, conformando xa un ritual antes do apoio institucional. Crese que foi o primeiro memorial do Holocausto romaní, coa colocación dunha placa polos residentes da vila en 1966. Pódense consultar información accesible e fotografías na web do *Information Portal to European Sites of Remembrance* –<https://www.memorialmuseums.org/>–, xunto con outros sitios de memoria que se mencionarán a continuación. Tamén cómpre destacar a páxina *European Holocaust Memorial Day for Sinti and Roma*, dispoñible en <https://www.roma-sinti-holocaust-memorial-day.eu/>.

4.3. *Datas e lugares de memoria*

Os actos de conmemoración xiran arredor de dúas datas a nivel internacional, ademais de variantes locais. En primeiro lugar, en 2005 a Asemblea Xeral das Nacións Unidas estableceu o 27 de xaneiro como Día internacional en memoria das vítimas do Holocausto, data simbólica pola liberación de Auschwitz-Birkenau. A Resolución 60/7 pon o foco nas vítimas xudías ao ser as únicas ás que refire explicitamente, xunto coas “outras minorías”, e insta aos Estados membros a desenvolver programas educativos e a preservar os sitios históricos. Desde 2010, cada aniversario posúe unha temática adxudicada, que no ano 2023 foi “Fogar e pertenza”, co obxectivo de explorar a resignificación destes conceptos para os superviventes (ONU, s.f.). En segundo lugar, en 2015 o Parlamento Europeo estableceu o 2 de agosto como Día do Holocausto romaní, data da liquidación do *Zigeunerlager* en 1944. Auschwitz-Birkenau convertiuse nun lugar de peregrinación para ambos xudeus e xitanos, como símbolo por excelencia do xenocidio (Stauber e Vago, 2013). Igualmente, é relevante o 16 de maio, como data orixinal da liquidación, posposta debido a un episodio de resistencia (Sierra, 2020, p. 136).

Especialmente desde a década de 1990, foise conformando unha densa rede de lugares de memoria nos que se erixiron monumentos e realizaron actos de conmemoración coa participación de activistas, superviventes e políticos internacionais, estatais e locais (Stauber e Vago, 2013). A maiores das iniciativas expostas previamente, cómpre mencionar outros proxectos. En Polonia, inaugurouse en 1973 un monumento no *Zigeunerlager* de Birkenau e, o 2 de agosto de 2001, abriuse ao público unha exposición permanente no Bloque 13 de Auschwitz, realizada polo museo do campo xunto co Centro de Documentación do *Zentralrat* e Asociación Roma de Polonia (Weiss-Wendt, 2015, p. 22). En Eslovaquia, levantáronse sete monumentos entre 2007 e 2008 baixo o proxecto *Ma bisteren!* –non esquezas–, con apoio institucional (Marushiakova & Popov, 2010, p. 80). En cambio, na República Checa predominou durante moito tempo a indiferenza a estes eventos históricos, coa construción dunha granxa porcina en Lety na década de 1970 e un hotel en Hodonín, sitios de campos de traballo forzado. Por esta razón, o memorial de Lety realizouse nas inmediacións, mais, tras un longo debate público, o goberno fíxose cos terreos e está proxectado un novo memorial para este mesmo ano 2023 (Sawick, 2022,

p. 16). En Hungría erixiuse unha estela conmemorativa en Budapest no ano 2006, mentres que en Croacia foi inaugurado en 2020 o Centro Memorial Romaní de Uštica, preto de Jasenovac. Por outra banda, en España o xenocidio é conmemorado en solidariedade coa comunidade xitana internacional, ademais de asociarse coa chamada Gran Redada, un plan de prisión xeral para os xitanos españois no século XVIII (Sierra, 2020, p. 159).

En resumo, se ben nos casos examinados predomina a iniciativa institucional, unha vez que se fixo efectivo o recoñecemento oficial do Holocausto romaní, os primeiros memoriais foron realizados por iniciativa de xitanos e residentes locais, como o de Szczurowa, normalmente en lugares simbólicos do exterminio –agás os exemplos de Berlín e Budapest–. Xunto coas exposicións, monumentos e actos de conmemoración, cada vez hai unha maior visibilidade deste xenocidio polo gran esforzo de divulgación educativa, que se pode observar especialmente no deseño de páxinas web con material informativo accesible, mentres que outros medios como os documentais ou películas sobre a cuestión están menos difundidos²². Así, investigación, memoria e divulgación van da man.

5. Conclusións

O predominio do Holocausto xudeu no discurso académico e público eclipsou o Holocausto romaní, dando lugar a un máis tardío recoñecemento e menor sistematización na súa investigación, xunto con habituais tensións entre activistas e historiadores, así como dentro do mundo académico. A pesares disto, o consenso sobre a súa consideración como xenocidio está amplamente expandido na actualidade

Os romaníes quedaron marcados como un grupo alleo ás sociedades europeas desde o seu mesmo momento de chegada, configurándose como determinante na creación dos prexuízos en contra deles a ausencia dun Estado e territorio propios, sendo o nomadismo un argumento reiterado para a súa acusación como espías, ademais de comezar a asociarse coa criminalidade de xeito temperá. Desde a escravitude ás políticas de expulsión,

²² Cómpre destacar a páxina web *Racial diagnosis: Gypsy* –<https://www.sintiundroma.org/en/>–, con contido dispoñible en alemán e inglés, centrada no xenocidio pero cun percorrido desde a chegada a Europa ata a loita pola memoria, xunto con abundantes fotografías e algúns documentos históricos. Tamén *The Fate of European Roma and Sinti during Holocaust* –<https://www.romasintigenocide.eu/en/home>–, en inglés xunto con outras once linguas, coa información máis simplificada que a anterior.

pasando pola rapidamente abandonada pretensión de asimilación do século XVIII e a fugaz idealización do século XIX, as actitudes dos gobernos europeos decontado viraron na expulsión, un acentuado control policial e un discurso dos xitanos como risco social.

O marco intelectual do século XIX foi determinante. En concreto para os romaníes, a súa asociación coa delincuencia quedou consolidada mediante a bioloxía criminal e a súa tese do criminal nato, incorrizable. De xeito xeral para a ideoloxía Nacional Socialista, a noción da superioridade da raza aria xunto coas fórmulas eugenésicas que permitirían a mellora da raza, deu lugar á creación dunhas políticas nas que existían persoas válidas e persoas descartables. Neste sentido, aplicáronse lóxicas raciais similares para xudeus, xitanos e insáns. Con todo, houbo diferenzas: os xudeus conformaron a prioridade para Hitler e o partido, mentres que os insáns non podían ser exterminados mediante o traballo, ademais de que na definición dos xitanos se entrelazaban conceptos sociais e biolóxicos. As hostilidades en contra destes últimos comezaron decontado, co internamento en campos locais alemáns tan cedo como en 1935, aínda que foron primordiais os decretos de 1938, con alusión explícita á natureza racial da colectividade; e o de 1943, coa orde de deportación a Auschwitz-Birkenau. Neste traballo, analizouse como o xenocidio xitano foi menos prioritario e máis descentralizado que o xudeu: intenso nos territorios propiamente do Reich e variable nos territorios de administración civil e militar, así como nos países aliados –dentro destes, particularmente agudo en Croacia e a antiga Unión Soviética, coas masacres dos *Einsatzgruppen*–. En todo caso, en ambos casos o estalido da guerra supuxo unha radicalización da persecución, especialmente tralo fracaso do esperado rápido éxito contra a Unión Soviética en 1941. Isto implicou improvisación e cambios de plans, xa que non había unha intención e proxecto de exterminación inicialmente claro en ningún caso. É certo que a intención de asasinato masivo de xitanos nas cámaras de gas é dubidosa, mais as execucións masivas na Europa oriental non o son, nin o proxecto de liquidación biolóxica, mediante a esterilización do 90% dos romaníes, os mestizos ou *Mischlinge*. Ademais, ambos se tratan de grupos raciais definidos polos perpetradores, aínda que a delimitación do colectivo xitano fose máis confusa e dese lugar a interpretacións, que normalmente os prexudicaron. En definitiva, a pesares da prioridade é cuestión xudía, a ideoloxía detrás da persecución e as prácticas xenocidas aplicadas foron semellantes, resultando en grandes matanzas debido á desnutrición,

enfermidades, insalubridade, extenuación polos traballos forzados, experimentos médicos, execucións sumarias e ás cámaras de gas. Se ben poden analizarse cada unha destas experiencias por separado, é certo que están ligadas, en particular a xitana á xudía, polas asimetrías na narrativa do Holocausto.

Estas asimetrías manifestáronse tamén na busca de compensación polos crimes do Nazismo na Alemaña Occidental. O colectivo xitano tivo que facer presión para ser considerados vítimas raciais, unha vez que os xudeus xa consolidaran a súa causa, e a loita polo recoñecemento estivo vinculada co movemento internacional polos dereitos civís na década de 1970, reclamando cambios sociais en diversos ámbitos ademais da restitución polo Holocausto. Non sería ata os anos 2000 que conseguirían un maior apoio institucional, nun camiño marcado pola xerarquía de vítimas e as tensións provocadas a raíz disto. Por outra banda, os académicos discreparon sobre as razóns do esquecemento deste xenocidio, sinalando a cultura tradicional e a súa suposta ausencia de preocupación pola historia. Alén disto, parece que foron determinantes o relato da singularidade do Holocausto xudeu xunto co status social marxinal dos romaníes e a falta dunha rede de comunicacións de cara a fóra da comunidade.

A investigación e memoria do xenocidio xitano foron da man en todo momento, polo que o que pretendeu este traballo foi darlle visibilidade e insistir na caracterización dos xitanos como colectividade de vítimas, desde a longa tradición de prexuízos e lexislación discriminatoria ata as dinámicas propias do Nacional Socialismo e o recoñecemento como vítimas na pugna pola memoria. O Holocausto romaní foi perpetrado con complicidade e implicación directa do Estado alemán desde 1933 e diversos Estados europeos durante a Segunda Guerra Mundial, tratándose dun grupo de vítimas definido polos perpetradores e con características adquiridas inmutables –como a delincuencia–, cunha intención e planificación palpables non desde un proxecto no momento de ascenso ao poder, senón a través das diversas leis e decretos emitidos, xunto coas accións levadas a cabo polos perpetradores, que eles mesmos chegaron a recoñecer. Deste xeito, a pesares de que aínda queden aspectos por coñecer en profundidade, hoxe podemos afirmar que o xenocidio xitano xa non está na esfera do descoñecido.

Bibliografía

About, I. (2014). Unwanted “Gypsies”. The Restriction of Cross-Border Mobility and the Stigmatisation of Romani Families in Interwar Western Europe. *Quaderni Storici*, 49(2), 499-532.

About, I. e Abakunova, A. (2016). *The Genocide and Persecution of Roma and Sinti: Bibliography and Historiographical Review*. International Holocaust Remembrance Alliance. https://www.holocaustremembrance.com/sites/default/files/bibliography_and_historiographical_review.pdf

Aly, G. (1994). Medicine against the Useless. En G. Aly, P. Chroust e C. Pross, *Cleansing the fatherland: Nazi medicine and racial hygiene* (pp. 22-98). Johns Hopkins University Press.

Andreopoulos, G. J. (1994). Introduction: The Calculus of Genocide. En G. J. Andreopoulos (Ed.), *Genocide: conceptual and historical dimensions* (pp. 1-28). University of Pennsylvania Press.

Blumer, N. (2015). Disentangling the Hierarchy of Victimhood: Commemorating Sinti and Roma and Jews in Germany’s National Narrative. En A. Weiss-Wendt (Ed.), *The Nazi genocide of the Roma: Reassessment and Commemoration* (pp. 205-228). Berghann.

Chalk, F. (1994). Redefining Genocide. En G. J. Andreopoulos (Ed.), *Genocide: conceptual and historical dimensions* (pp. 47-63). University of Pennsylvania Press.

Chalk, F. e Jonassohn, K. (2018). “Introducción”. En *Historia y sociología del genocidio: análisis y estudio de casos* (pp. 23-73). Prometeo Libros.

Childers, T. (2019). *El Tercer Reich. Una historia de la Alemania Nazi*. Crítica.

Faith-Weiss, S. (1987). The Race Hygiene Movement in Germany. *Osiris*, 3, 193-236.

Grenville, J. (1998). Neglected Holocaust Victims: The Mischlinge, the Jüdischversippte, and the Gypsies. En M. Berenbaum e A. J. Peck (Eds.), *The Holocaust*

and History. The Known, the Unknown, the Disputed and the Reexamined (pp. 315-327). Indiana University Press.

Hancock, I. (1987). *An account of Gypsy slavery and persecution*. Karoma Publishers.

Hancock, I. (1997) The roots of antigypsism: to the Holocaust and after. En J. Colijn e M. Sachs Littell (Eds.), *Confronting the Holocaust: A Mandate for the 21st Century* (pp. 19-49). University Press of America. Consultado o 23/02/2023 en: http://radoc.net/radoc.php?doc=art_b_history_rootsofprejudice&lang=es&articles=true.

Hancock, I. (2006). *On the interpretation of a word: Porrajmos as Holocaust*. RADO. Consultado o 05/02/2023 en: http://radoc.net/radoc.php?doc=art_e_holocaust_interpretation&lang=es&articles=true.

Hancock, I. (2004). *Romanies and the Holocaust: A reevaluation and an overview*. En D. Stone (Ed.), *The Historiography of the Holocaust* (pp. 383-396). Palgrave-Macmillan. Consultado o 05/02/2023 en: http://radoc.net/radoc.php?doc=art_e_holocaust_porrajmos&lang=es&articles=true.

Illuzzi, J. (2023). The Genocide of the Romani People in Europe. En B. Kiernan, W. Lower, N. Naimark e S. Strauss (Eds.), *The Cambridge World History of Genocide. Volume 3: Genocide in the Contemporary Era, 1914-2020* (pp. 335-357). Cambridge University Press.

Kapralski, S. (2015). The Aftermath of the Roma Genocide: From Implicit Memories to Commemoration. En A. Weiss-Wendt (Ed.), *The Nazi genocide of the Roma: Reassessment and Commemoration* (pp. 229-251). Berghann.

Kenrick, D. (2007). *Historical Dictionary of the Gypsies (Romanies)*. Scarecrow Press.

Kenrick, D. e Puxon, G. (1995). *Gypsies under the Swastika*. University of Hertfordshire Press.

Lemkin, R. (1945). Genocide: A Modern Crime. *FREE WORLD*, 4, 39-43. Consultado o 16/02/2023 en: <http://www.preventgenocide.org/lemkin/freeworld1945.htm>.

Lemkin, R. (1946). Genocide. *American Scholar* 15(2), 227-230. Consultado o 16/02/2023 en: <http://www.preventgenocide.org/es/lemkin/escolar-americanos1946.htm>.

Lewy, G. (2000). *The Nazi persecution of the Gypsies*. Oxford University Press.

Lombroso, G. (1911). *Criminal man: According to the classification of Cesare Lombroso briefly summarised by his daughter Gina Lombroso*. The Knickerbocker Press.

Marushiakova, E. e Vesselin Popov (2010). Holocaust, Porrajmos, Samudaripen... Tworzenie nowej mitologii narodowej [Creation of a new national mythology]. *Studia Romologica* (3), 75-94.

Míguez Macho, A. (2014). La genealogía del concepto de práctica genocida. En *La genealogía genocida del franquismo: Violencia, Memoria e Impunidad* (pp. 29-69). Abada.

Milton, S. (1992). Nazi Policies toward Roma and Sinti, 1933-1945. *Journal of the Gypsy Lore Society*, 2(1), 1-18.

Müller-Hill, B. (1998). Human Genetics and the Mass Murder of the Jews, Gypsies and others. En M. Berenbaum e A. J. Peck (Eds), *The Holocaust and History. The Known, the Unknown, the Disputed and the Reexamined* (pp. 103-114). Indiana University Press.

Organización das Nacións Unidas [ONU] (s.f.). *2023 Holocaust Remembrance and Education*. Consultado o 23/05/2023 en: <https://www.un.org/en/outreach-programme-holocaust/2023>

Pross, C. (1994). Introduction. En G. Aly, P. Chroust e C. Pross. *Cleansing the fatherland: Nazi medicine and racial hygiene* (pp. 1-21). Johns Hopkins University Press.

Resolución 96(I) [Asemblea Xeral da ONU]. El crimen de genocidio. 11 de decembro de 1946. <https://digitallibrary.un.org/record/209873>.

Resolución 260(III) [Asemblea Xeral da ONU]. Prevención y sanción del delito de genocidio. 9 de decembro de 1948. <https://digitallibrary.un.org/record/666848>.

Resolución 60/7 [Asemblea Xeral da ONU]. Holocaust Remembrance. 1 de Novembro de 2005. https://www.un.org/en/ga/63/plenary/D_holocaust.shtml

Sawick, P. (2022). Symbolic Inauguration of the Construction of the Memorial of Extermination of the Roma in Lety. *Memoria*, (58), 16-19.

Shahar, S. (2007). Religious minorities, vagabonds and gypsies in early modern Europe. En R. Stauber e R. Vago (Eds.), *The Roma: A Minority in Europe. Historical, Political and Social Perspectives* (pp. 1-18). Central European University Press. Consultado o 22/02/2023 en <https://books.openedition.org/ceup/1411>.

Sierra, M. (2020). *Holocausto gitano: el genocidio romaní durante el nazismo*. Arzalia

Stauber, R. & Vago, R. (2013) The Politics of Memory Jews and Roma Commemorate Their Persecution. En R. Stauber e R. Vago (Eds.), *The Roma: a Minority in Europe. Historical, Political and Social Perspectives* (pp. 117-133). Central European University Press. Consultado o 10/05/2023 en <https://books.openedition.org/ceup/1418>.

The Wiener Holocaust Library [TWHL] (2022). Symposium: New Directions in the Study of Roma Genocide. *Memoria*, (62), 14-15. <http://memoria.auschwitz.org/>.

Weiss-Wendt, A. (2015). Introduction. En Weiss-Wendt (Ed.), *The Nazi Genocide of the Roma. Reassessment and Commemoration* (pp. 1-26). Berghann.

Widmann, P. (2007). The Campaign against the Restless: Criminal Biology and the Stigmatization of the Gypsies, 1890–1960. En R. Stauber e R. Vago (Eds.), *The Roma: A Minority in Europe. Historical, Political and Social Perspectives* (pp. 19-29). Central European University Press. Consultado o 22/02/2023 en: <https://books.openedition.org/ceup/1412>.

Zimmermann, M. (2013). Jews, Gypsies and soviet prisoners of war: comparing nazi persecutions. En R. Stauber e R. Vago (Eds.), *The Roma: a Minority in Europe. Historical, Political and Social Perspectives* (pp. 31-53). Central European University Press. Consultado o 05/05/2023 en <https://books.openedition.org/ceup/1413>.

Anexos

Figura 1: Estereotipo dos xitanos como ladróns nun abecedario.



O *Buchstabil und Lesebuch* ou *Libro de ortografía e lectura* de Johann Wolf, publicado en 1799, ilustra a letra Z de *Zigeuner* cunha escena dun roubo por un neno, mentres que unha muller lle a fortuna dos viandantes, distraéndoo. Fonte: Pictura Paedagogica Online, a través de sintiundroma.org.

Figura 2: O estereotipo da vida libre na natureza nunha postal.




Nesta postal checa de comezos do século XX, observamos unha representación da vida xitana libre na natureza, con elementos típicos como a caravana, os cabalos, os nenos bailando e os adultos ociosos, un deles tocando o violín. Fonte: Museo da Cultura Romaní de Brno, a través de www.romasintigenocide.eu.

Figura 3: Manifestación en Bergen-Belsen o 27 de outubro de 1979.



No centro Romani Rose, líder do movemento romaní polos dereitos civís en Alemaña e presidente do Consello Central dos Sinti e Roma Alemáns desde a súa fundación en 1982. Á súa dereita, Simone Veil, xudía supervivente ó Holocausto e presidenta do Parlamento Europeo neste momento. Acudiron unhas 2.500 persoas, contando con activistas alemáns e doutras nacionalidades, superviventes romaníes e xudeus, así como parlamentarios alemáns. Fotografía de Friedrich Stark. Fonte: RomArchive.

Mapa 1: Distribución do xenocidio romaní en Europa.



O mapa recolle os campos, guetos e sitios de tiroteo que foron citados na bibliografía consultada. Podería ampliarse con máis información, se ben non é sistemática, especialmente no caso de sitios de execución. Fontes: especialmente Sierra (2020) e Milton (1992), elaborado na web <https://app.datawrapper.de/>.

- Países onde tiveron lugar tiroteos masivos
- Países incluídos no Decreto de deportación de 1943, aínda que tamén houbo desde outras zonas
- Campos exclusivamente para xitanos
- Campos con diferentes grupos de vítimas
- En verde escuro, campos locais antes de 1939
 1. Berlín-Marzahn
 2. Magdeburgo, dos primeiros, en 1935
 3. Pölitz
 4. Hamburgo
 5. Essen
 6. Düsseldorf-Höherweg, dos primeiros, en 1935
 7. Colonia-Bickendorf
 8. Francfort
 9. Königsberg/Kaliningrado
- En azul escuro, campos de concentración aos que foron enviados antes de 1939
 10. Sachsenhausen
 11. Ravensbrück, feminino
 12. Buchenwald

13. Dachau, dos primeiros, en 1936
 14. Mathausen
- En azul claro, campos de concentración abertos tras 1939
 15. Lety, campo de traballo para os criminais e tímidos para o traballo
 16. Hodonín, campo de traballo para os criminais e tímidos para o traballo
 17. Lichtenburg
 18. Dora-Mittelbau
 19. Bergen-Belsen
 20. Struthof-Natzweiler
 21. Gospić
 22. Sisak
 23. Danica
 24. Šabac
 25. En Belgrado: Sajmište, Banjica e Topovske Šupe
 26. Crveni Krst
 27. Envío polas autoridades rumanas a Transinistria para traballos forzados
 - En violeta, guetos:
 28. Sambir
 29. Cracovia
 30. Radom
 31. Łódź, con zona específica para xitanos ●
 32. Varsovia
 33. Białystok
 - En negro, campos de exterminio:
 34. Treblinka
 35. Chełmno
 36. Auschwitz-Birkenau, co *Zigeunerlager* ●
 37. Bełżec
 38. Sobibór
 39. Majdanek
 40. Jasenovac
 - En castaño, campos de internamento
 41. Choisel
 42. Rennes
 43. Montreuil-Bellay
 44. Poitiers
 45. Lannemezan, exclusivo para nómades ●
 46. Rivesaltes
 47. Saliers, exclusivo para nómades ●
 - En vermello, sitios de tiroteos
 48. Szczerowa
 - En laranxa, campos de concentración e de recolección/tránsito ata a deportación
 - A. Fürstenfeld
 - B. Oberwart
 - C. Lackenbach, destacado
 - D. Hartberg
 - E. Mettersburg
 - F. Maxglan-Salzburg, destacado
 - G. Sankt Pantaleon
 - H. Malines/Melenchen ■
 - I. Westerbrook ■